



## Rogos e preguntas do Pleno de xullo de 2021

### Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

1. **Cal vai ser a programación completa correspondente á Festa do Carme e dos Dolores que se celebrarán o vindeiro 16 e 17 de Xullo en Bueu? Tal e como avanzou o Concelleiro de Cultura, Xosé Leal, na comisión informativa de Asuntos Xerais celebrada o pasado luns, quedaban aínda temas por pechar que non podía avanzar dado o carácter secreto das xestións. Frutificaron esas xestións? Cal vai ser a programación definitiva?**

Unha vez máis, as celebracións festivas que antes eran organizadas polas comisións de festas, son asumidas polo Concello. As festas do Carme e das Dores terán un formato similar ao ano pasado, e apostaremos por unha semana da cultura mariñeira, que conterà actos máis reducidos e adaptados aos protocolos da Covid-19, como obradoiros de arte mariñeira, verbenas, festexos relixiosos (a través da colaboración entre Concello e Comisión de Festas)... A iso haberá que engadir o espectáculo de pirotecnia, para o que presentamos hai semanas a documentación ante os organismos pertinentes (Costas do Estado e Subdelegación do Goberno), dos que estamos agardando as autorizacións pertinentes.

2. **O Concello de Bueu contratou con FCC a limpeza en profundidade das beirarrúas das principais rúas do casco urbano do municipio coa finalidade de hixienizar e mellorar a imaxe que ofrecen a veciños e visitantes. O orzamento ascendía a 8.500 € para un ámbito de actuación que afectaba a Pazos Fontenla, Montero Ríos, Francisco Escáneo, Alexandre Bóveda, Johan Carballeira e rúa Castelaio. Temos constancia de que na rúa Castelaio só se efectuou a limpeza dunha parte das beirarrúas, quedando a outra metade sen limpar. Cales foron as razóns polas que non se levou a cabo a limpeza total da rúa Castelaio? Eses traballos que non se fixeron foron descontados do importe inicial do contrato? Ten previsto o Concello acometer a limpeza do que queda da rúa?**

Na rúa Castelaio só se puideron realizar un 30 % dos traballos de decapado, debido ás queixas dun veciño, o cal argumentaba que se lle raiaba o coche por salpicarlle auga con algo de lodo, e alertando a outros veciños/as da zona, no cal saíu tamén un comerciante por medo a que se lle manchara o escaparate. Ante tal rebumbio tivo que persoarse a Policía Local, na cal verificou que non houbo ningún radiado no vehículo. Cómpre salientar que, segundo a empresa encargada deste servizo, despois das tarefas de decapado e dos lodos que xera, realízase unha limpeza con auga limpa para eliminar os lodos das beirarrúas e posibles salpicaduras tanto en vehículos coma en escaparates.



Así, aínda que nesta rúa só se levou a cabo ese 30 %, a maiores realizáronse traballos noutras rúas como Matilde Bares, Rosalía de Castro, canellón entre Rúa Montero Ríos e Caripa, e plazoleta entre a rúa do Muíño e Pazos Fontenla, amais das que estaban previstas na oferta inicial.

**3. Cales son os motivos polos que o alumeadado da pista da Banda do Rio leva meses apagado?**

Durante os meses anteriores, o Concello decidiu manter o alumeadado apagado, dado que non había actividades nesa zona. Trátase así mesmo, dunha medida inserida no plan de aforro enerxético municipal.

**4. Na sesión plenaria de novembro de 2020, o noso grupo municipal presentou unha moción, rexeitada por BNG e ACB, instando o goberno a que antes de acabar o ano 2020 designase entre o persoal municipal un delegado de protección de datos ou que se acollese á firma dun convenio coa Deputación para dar cumprimento ó exixido pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, que obriga a dispor desta figura.**

**Quen desempeña nestes momentos a función de DPD no Concello de Bueu?**

**No caso de que calquera cidadán solicite dirixirse ó DPD se ten dúbidas sobre o tratamento dos seus datos por parte do Concello, a quen se ten dirixir?**

O Concello de Bueu nomeou a comezos deste ano a unha persoa da empresa RB Soluciones como Delegada de Protección de Datos, e ela leva a cabo os servizos de información e asesoramento sobre protección de datos, quen tamén analiza a situación municipal neste ámbito e propón melloras para o cumprimento da legalidade. Así, con este traballo, o Concello está levando a cabo todas as medidas para implementar a protección de datos en todos e cada un dos documentos oficiais internos e externos e en toda a información que emane del. As persoas que teñan dúbidas sobre o tratamento dos datos por parte do Concello poderán escribir ao enderezo electrónico [concello@concellodebueu.gal](mailto:concello@concellodebueu.gal).

**5. Cal é o proxecto que o goberno de Bueu vai presentar ó programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), promovido pola Deputación e destinado a inversións para facer fronte á crise da Covid-19?**

xa levamos meses traballando no proxecto de modernización da Biblioteca Municipal Gonzalo Torrente Ballester, que será o que presentaremos a este programa.



- 6. Cales foron ata o día de hoxe, as xestións feitas polo goberno municipal coa familia da casa Matilde Bares de cara á adquisición polo Concello desa propiedade?**

**Cal é a proposta actual do goberno e cal sería o procedemento ou a fórmula que se utilizaría para facer efectiva a compra da vivenda?**

**Tendo coñecemento de que a propiedade ten presentado un proxecto de demolición da vivenda debido ao mal estado no que se atopa a fachada e que este proxecto foi paralizado polo goberno, una vez iniciada a negociación coa familia, de quen sería a responsabilidade se durante este período de tempo se produce algún dano físico ou material como consecuencia da caída ou desprendemento das pezas da fachada?**

As conversas que se mantiveron entre os membros do goberno local e a representante legal da propiedade estudaron todas as alternativas para evitar a demolición de ben. Deses encontros, e tamén das visitas técnicas realizadas por parte dos técnicos municipais e da propiedade, conclúese que aparentemente o edificio non está en risco de ruína nin empeorou a súa gravidade nos últimos anos. Con independencia da licenza solicitada, a propiedade xa implementou as medidas pertinentes para garantir a seguridade do edificio e evitar o seu derrubamento.

- 7. Con motivo do período estival, tendo en conta o cadro de vacacións do persoal da brigada municipal, as distintas actividades culturais previstas (festas, concertos, festivais) mais os traballos de mantemento diarios que corresponden a brigada municipal, como ten previsto o goberno reforzar este servizo durante estes 2 meses para poder garantir que os traballos se leven a cabo?**

Coma todos os anos optimizamos os medios dispoñibles do Concello en cada momento, sen que iso supoña a suspensión das vacacións do persoal municipal, xa que están no seu pleno dereito de gozar delas. En todo caso, reforzáronse os servizos municipais que incrementan a súa intensidade ao longo do verán, caso dos desbroces e a limpeza, que se están a desenvolver con plena normalidade.